


Festas Patronais
PARADELA 1991



EN MEMORIA DO MEU PAI

Santiago Rodríguez López

Quérovos falar como fillo de Paradela que me sinto. Fillo de Paradela porque, en certo modo, unha parte de meu pai é Paradela. Gustaríame poder iluminar ese recanto do seu corazón para que todo o mundo vise nela un modelo de amor idílico dun home agradecido cara á terra que o viu nacer, pero coido que ese agarimo queda totalmente patente na súa obra.

Cando me adentro nos contos seus, como os que tedes ocasión de ler neste libro, creo ver reflexado neles un estado anímico no que o meu pai busca unha forma de escapar da, ás veces, crúa realidade.

Estes contos rezuman amor, bondade, anceios, fantasía, corazón, humor, e os protagonistas son xentes da sempre idealizada Galicia, na que emerxe poderosamente Paradela.

Cando me falan as súas poesías, cheas de vivencia, sentimentos, crudeza, realidade, protesta ante as

inxusticias, sinto que estou ante o Manuel Rodríguez López pleno, exultante de vida, recordos, experiencia, alegrías, angurias e esperanza.

Aparte das vivencias, a trivialidade tamén ten cabida nesa dimensión poética presidida pola rima e polo ritmo, buscando unha forma de acadar a beleza e a plenitude e satisfacción que esta otorga ó autor da mesma.

Cando as súas crónicas me trasladan a momentos da vida cotidiana, a maior parte da cal transcurriu na tamén amada Catalunya, mai adoptiva formadora e agradecida, é evidente ante todo, o traballo esperanzado e desinteresado para intentar mellorar a sociedade desde un punto de vista máis ideal que práctico, fuxindo do materialismo puro para defender valores máis humanos.

En todos eses intres sintomé satisfeito de que o meu pai deixase unha mensaxe da súa vida, única e irrepitible,

e de que non resultase un de tantos vexetais, tamén vivos, pero que simplemente representan unha unidade máis nunhas estadísticas nas que a unidade como tal pasa a ser desprezable e falta de importancia ante o todo e ante os factores máis influentes.

Pero non quero recordar que o amor confiado do meu pai foi correspondido nalgunhas ocasións con ruindade. As persoas sen escrúpulos, sen bondade, ás que non lles importa causar dolor, poden sentirse satisfeitas. Eses mesmos seres prescinden dos verdadeiros amigos, tal vez porque lles interesa, tal vez forzosamente, o que el non padeceu. A súa propia personalidade puido provocar en parte esas situacións. Adoptou a actitude de entregarse amistosamente ás persoas. Uns, homes sensibles coma el, corresponderon con amor e disfrutaron e disfrutaban da súa amizade, para min un dos maiores sentimentos. Outros poden repasa-las súas ganancias.

Non quero pensar tampouco no intre no que a inevitable morte lle deixou as meixelas inertes, sen expresión, truncando inxustamente os proxectos, ilusións, sentidos, do meu pai, e sementando a dor en toda-las persoas que o amamos.

Quédanme os recordos, consoladores pero ferintes á vez, por representalo feito da negación da súa presenza, da súa fala, do seu agarimo.

O meu pai aínda é . Como el ben sabía, estase tornando fror. O tempo, a forma, a materia, xa non teñen significado e deixan o protagonismo á fror, que reina e dona da situación pasa a se-la representante da vida na morte. E nalgún lugar, nun intre determinado, o latido do corazón dun neno está a interpretar, cunha mistura de tristura e orgullo, un himno na súa memoria.

MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

Xulio Xiz Ramil

O día 4 de novembro de 1990 celebrouse na villa de Paradela (Lugo) un acontecemento sobranceiro, que tiveron a honra de presentar. Aquel domingo, ós sons da Banda de música do Concello de Paradela, inaugurouse a Casa da Cultura daquel pobo e deuselle o nome de Manuel Rodríguez López. Etamén o Alcalde do Concello fixo entrega á viuva do homenaxeado do título que acreditaba a este como Fillo Predilecto do Concello, «polo seu destacado labor cultural, e polo amor demostrado a esta terra durante toda a súa vida».

Neste acto, escritores das terras de Lugo -Manuel María, Paco Martín, Rodríguez Barrio, Eloi Caldeiro...- leron anacos de textos de Rodríguez López, e o cantautor lucense afincando en Barcelona, Alfredo González Vilela, cantou temas do mesmo autor. E xuntáronse autoridades e amigos, as xentes de Paradela... E Xesús Mato, crego e amigo, bendecíu as instalacións e lembrou a figura de Manuel.

Se alguén alleo ó entorno de Manuel Rodríguez López, descoñecedor da súa vida e a súa obra, presenciase tal mostra de

agarimo, tería á forza que preguntarse: ¿Quen foi este home que recibe unha homenaxe tal na súa terra, da súa xente?

E a resposta tiña que ser categórica: Foi home xeneroso e bo, por riba de todo. Despois, foi escritor.

Manolo Rodríguez naceu en San Miguel de Paradela o 11 de novembro de 1934. Desde os seis anos resideu en Barcelona, agás os últimos anos que viviu na capital lucense.

Tiña unha fonda formación cultural e humanística, adequerida nos seus anos de estudio no Seminario Diocesano de Barcelona. Profesionalmente, foi xefe administrativo do departamento de persoal dunha industria siderometalúrxica. Pero, por riba de todo, foi un home preocupado profundamente pola cultura e por Galicia. Desenvolveu unha intensa actividade cultural en Catalunya chegando a sé-lo cronista de todo o que en relación con Galicia se fixo naquel país.

Os temas obreiros e, en xeral o da emigración, foron a súa preocupación constan-

te, e os seus poemas están cheos de fondura dorida pola sorte da Terra e dos que dela tiveron que marchar:

*Tódalas mañás érqueste, Cruceiro,
desfeito en lágoas. ¿Qué pasou, meu santo?
Por qué tal desacougo, tanto pranto?
Olla que o merlo chirra no amenciro!
«Non me fire o trebón nen o xieiro,
nen me aterra do corvo o mouro canto.
Choro polo emigrante, nun recanto
feito estrume no edoso cimitero»
O rodicio da diáspora n-acouga,
os adeuses ateigan as estradas
i a bisbarra chairega fica vouga:
que, en troques de xunguirse, a nosa xente
os folgos verte noutras chans queimadas
méntrala Patria escóase doente!*

Manolo Rodríguez publicou en verso: «POEMAS POPULARES GALEGOS» (1968), «SAUDADE NO BULLEIRO» (1970) e «SOLDADA MINIMA» (1979). En Prosa: «REENCONTRO COA ALDEA» (1983), «GALEGOS EN CATALUNYA, 1978-1982» (1983), «GALEGOS EN CATALUNYA Z, 2» (1985) e «VIAXES CON ANXEL FOLE» (1988). Quedáronlle inéditos, entre outros libros, «ONTE E HOXE VIVENCIAL» ou

«VIVENCIAS LUGUESAS» (Poesía), e a tradución ó galego de «L'ATLANTIDA», de Jacint Verdaguer, pendente de publicación pola Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.

Unha das súas teimas foi a dos galegos en Catalunya, a súa segunda patria. E procurou vencellar, cos seus traballos, aquela Galicia da diáspora coa Galicia orixinal. Foi cronista oficial do Centro Galego de Barcelona, Director de «Alborada», o voceiro deste centro. E colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina.

Durante os anos de residencia en Lugo colaborou a cotío con «PRAZA MAIOR», o voceiro do Concello de Lugo, e os xornais «EL PROGRESO» e «LA VOZ DE GALICIA». Tamén, e especialmente en temas de historia lucense, viaxes e monumentalidade, en RADIONACIONAL DE ESPAÑA EN A CORUÑA e en RADIO POPULAR DE LUGO.

Durante toda a súa vida foi home homilde, silencioso, que pasou pola vida facendo ben, axudando, colaborando en

todo, traballando arreo... Para a literatura, o esencial é o seu labor de escritor, de entrevistador, de cronista, e de poeta obreiro, quizáis o mellor poeta obreiro que Galicia deu neste século.

Para os seus amigos, o esencial era a persoa. A bonhomía de Manolo superpoñíase por riba de calquera consideración. Era o home sempre comprensivo e dialogante, sempre disposto a axudar, co que sempre se podía contar... A súa enfermidade e repentina morte foi unha perda irreparable para tódolos que nos honrábamos coa súa amizade

Diante do seu pasamento, os informadores de Lugo nomeárono «LUCENSE DO ANO», e o seu concello natal proclamouno «FILLO PREDILECTO DE PARADELA». E quero deixar aquí constancia do meu recoñecemento, e o recoñecemento de tódolos amigos de Manuel, ós informadores lucenses pola súa sensibilidade e agarimo, e ó Concello de Paradelas, representado polo seu Alcalde, Xosé Manuel Mato Díaz, por ter tan claro o seu papel de agradecemento a un fillo destacado daquela terra; por saber cales son

as xentes que fan verdadeiramente grandes ós pobos. Paradelas é moito máis grande, máis forte, máis rica, desde que Manolo comezou a cantar aquela:

*«Terra que vai dende o Toural ó Loio,
veiga onde nacín, doce, verde cunca,
camiño do romeiro a Compostela.
Polo mundo emigrante, triste, soio,
estarei lonxe, pro esquecerte, ¡NUNCA!
Patria dos meus antergos, ¡PARADELA!*

Na súa casa, a súa familia -a súa viuva, Irene; os seus fillos; súa nai; súas irmáns...- garda a memoria de Manolo Rodríguez con esa lembranza inesquecible que produce a prematura morte dun home nacido para a convivencia; que tiña na súa escala de amor en primeiro lugar a familia e en segundo a Galicia. Un home xeneroso e bo que viveu sen pensar en si nunca; pensando unicamente nos demais. Nos seus amigos, deixou o grande valeiro do compañeiro co que sempre se conta, do que nunca defrauda, do que sempre está disposto para exercer de verdadeiro amigo. Díxeno na despedida aquela do cemiterio e repitoo agora. Ninguén como Manolo mereceu o tratamento de «Excelentísimo Señor».